


EL MUNDO DE SOFIA
Gaarder, Jostein
Siruela



//

Para bacharelato


El mundo de Sofía tiene el mérito de haber conjugado, acertadamente, rigor y amenidad en una narración donde una joven irá conociendo su propia identidad mientras descubre la capacidad humana de hacer preguntas. Comenta o autor: «Si no sabemos en todo momento a dónde vamos, puede resultar útil saber de dónde venimos. Para manejar mi propia vida también necesito entender mis raíces en la historia. La misión de la filosofía es estimular el análisis crítico para poder ayudar en el avance de la comprensión de aquello que tiene valor y por lo cual merece la pena luchar.»

GUÍA DE LECTURA
DEPARTAMENTO DE
FILOSOFÍA



...na Biblioteca temos libros para ler e tamén para mirar... e dvds... e xogos... e internet... e o ambiente máis acolledor do noso instituto..., ou non?

**EN LA TIERRA DE
LOS DINOSAURIOS**
Ediciones Novedades
Educativas
Gustavo Santiago



A partir de 13 anos



Concibido como un relato para filosofar con xoves, no camiño cara a Terra dos Dinosaurios, os protagonistas vense envoltos en situacións que lles permiten realizar unha aprendizaxe acerca da vida, a amizade, o azar, o tempo e a liberdade. É un texto que involucra ao lector nunha trama áxil, pero que, ao mesmo tempo, o invita a detese nas súas propias reflexións. Non se trata de aprender historia da filosofía senón de que poidan pór en xogo o que os filósofos veñen traballando desde fai case tres milenios: o pensamento crítico, creativo e sensible no nivel ético.




**CRITICA DE LA
RETORICA DE-
MOCRATICA**
Canfora, Luciano

Para bacharelato



É unha reflexión desencantada, pero lúcida, sobre os límites da democracia que existe realmente. Nun percorrido que lle leva de Sócrates a Bush, Cantora afirma que o sistema parlamentario actual non é outra cousa que os triunfo das élites ligadas á riqueza e o fracaso das élites vinculadas á ideoloxía, e apela á razón crítica porque a pesar de todo, o mundo ten cada vez maior conciencia da necesidade de igualdade.

**A PASO DE
CANGREJO**
Eco, Umberto



Para bacharelato



As sociedades occidentais e o mundo en xeral camiñan a paso de cangrexo; é dicir, cara atrás. Unha visión intelixente, brillante e crítica sobre os recentes conflitos en política internacional e sobre o estado do mundo no arranque do século XXI. A paso de cangrexo compila unha serie de conferencias e artigos escritos entre 2000 e 2005 por unha das mentes máis lúcidas do pensamento europeo: a de Umberto Eco.

**LA MENTE BIEN ORDENADA.
PARA ORGANIZAR LOS CO-
NOCIMIENTOS Y APRENDER
EN VIVIR,
Morin, Edgar**



//

Para bacharelato

¿Que é preciso para ter a "mente clara" ou a "cabeza ben feita"? Non ter unha cabeza chea de coñecementos, senón unha cabeza que dispoña dunha aptitude xeral para plantexarse e tratar problemas, unha cabeza que dispoña de principios de organización que permitan reunir os saberes e darlles sentido.

Es preciso substituír un pensamento que aílla e separa por un pensamento que distingue y conecta; es preciso substituír un pensamento disxuntivo e reduccionista por un pensamento de la complexidade, en el sentido orixinario de la palabra 'complexus': aquilo que se teceu conxuntamente.

Todo o libro é unha mostra da conveniencia e das vantaxes que comporta un pensamento da complexidade: lévanos a unha máis completa visión da condición humana, nos axuda saber vivir mellor, nos prepara para facer fronte ás incertezas, nos capacita para captar as implicacións de los acontecementos.

**EL DESCUBRIMIEN-
TO DE ARI STÓTE-
LES**

*Serie Textos de Filo-
sofía para Niños*



A partir de 13 anos

//

Ari, personaxe curioso e reflexivo, embárcase co seu grupo de compañeiros e os seus docentes nunha investigación colectiva sobre o funcionamento da linguaxe e o pensamento, o que o leva a descubrir algunhas das regras de la lóxica aristotélica e ver a aplicación destas regras a diferentes situacións que se lles presentan na súa vida cotiá.

Así, nas discusións que sostén este grupo, entrelázase o problema dos fins da educación e a escola co razoamento inductivo.

Na obra desfilan personaxes que ilustran distintos modos de pensamento e de abordaxe da indagación: Ari o reflexivo, Lisa a intuitiva, Marcos o crítico, María a inxenua, así como distintos tipos de conflitos dentro e fora da escola.

HISTORIA DE LA FILOSOFÍA

Magee, Bryan
Blume, Barcelona 1999



A partir de 13 anos

Aborda as principais cuestións filosóficas, analiza os interrogantes máis importantes e estudia as obras principais dos grandes filósofos. É unha obra axeitada para principiantes, con bastantes ilustracións, recolle suxestivas frases dos pensadores, e co mérito de explicar en poucas palabras teorías complexas.

ÉTICA PARA TODOS

Robinson, Dave
Pai-



A partir de 15 anos




Nesta sociedade da información instantánea, os libres mercados e os desastres ecolóxicos, ¿como podemos definir os "dereitos", o interese propio e os deberes cívicos? ¿Cáles son os límites aceptables da investigación científica e a enxeñaría xenética, os pros e os contras dos dereitos dos animais, a eutanasia e a desobediencia civil? Ética para todos afrontase a estes dilemas rastreando as argumentacións de grandes pensadores morais da talla de Sócrates, Platón, Aristóteles, Hobbes y Kant, sen esquecer a os críticos posmodernos, nun formato similar ao cómic.

LO QUE SÓCRATES DIRÍA A WOODY ALLEN

Rivera, Juan Antonio
Espasa

Para bacharelato




Este libro pretende ser á vez unha introducción á filosofía para amantes do cine e unha introducción ao cine para amantes da filosofía

Os aficionados ao cine encontrarán aquí algunhas das súas películas favoritas, pezas do calibre de Casablanca, Matrix, Ciudadano Kane ou La ley del silencio, por poñer só algúns exemplos...

A primeira vista, parece un texto de cine no que se comentan unha serie de películas clásicas; pero, en realidade, trátase dun tratado de ética trabado en torno a ideas de sempre o amor, a felicidade, o azar, a vontade, a morte.

Unha obra de Filosofía máis complexa e sutil do que aparenta, e que presta como se fora unha boa película.

ANTIMANUAL DE FILOSOFÍA
ONFRAY, Michel
Madrid: Edaf Ensayo, 2005



A partir de 15 anos



"¿Que é o home?", "¿Como vivir xuntos?" e "¿Que podemos saber?" son as tres preguntas entorno ás cales se estrutura o libro. Preguntas xerais que conteñen outras como: "¿Nunca comichedes carne humana?", "¿Por que o voso instituto está construído como unha cárcere?", "¿A policía existe por amargarnos a vida?", "Se enganades ao voso(a) noivo(a), ¿diríadesllo?". Estas preguntas e outras polo estilo, dan pé a falar sobre a natureza, a arte, a técnica, a liberdade, a conciencia, a razón,... E a cada resposta, o autor incorpora unha selección de textos sobre o tema tratado. O libro contén afirmacións desafiadoras que conducen a unha toma de posición e reflexión persoais.

MATRIX. FILOSOFÍA Y CINE
Concepción
Pérez García



A partir de 15 anos



A película elixida é unha das cintas que mellor pon de relevo diversas cuestións de índole filosófica, especialmente o problema do real e o problema da liberdade. O protagonista, un informático chamado Neo, pregúntase se a vida que sempre viviu é real (como xa fixo Descartes co seu célebre xenio maligno) e se o seu destino está escrito, xa que se predixo que el será "O elixido" que salvará á humanidade da tiranía das máquinas (este é o vello dilema da filosofía cristiá entre o destino ou providencia e o libre albedrío).


APRENDER A VIVIR
Subtítulo: Filosofía para mentes jóvenes
Ferry, Luc.
Taurus, Madrid
2007

A partir de 15 anos



Para xoves e adultos que queren saber que é a filosofía e como pode esta axudarnos a vivir mellor e a ser máis libres. "Aprender a vivir, a deixar de temer en vano os diversos rostros da morte ou, simplemente, aprender a superar a banalidade da vida cotiá, as preocupacións e o tempo que pasa, este foi o primeiro obxectivo das escolas da Antigüidade grega. Merece a pena escoitar a súa mensaxe, porque as filosofías do pasado séguennos a falar." E engade o autor: "Tamén quero facerte unha promesa de entrada: vou expoñerte todas estas ideas de forma moi clara, sen xerga, indo ao esencial, ao máis profundo e apaixonante que hai nelas".

**QUÉ NOS HA-
CE HUMANOS**
Ridley, Matt.
Madrid: Tau-
rus, 2004



A partir de 15 anos

O ADN de chimpancé parece-se máis ao ADN humano que ao ADN de gorila. Se bioloxicamente os chimpancés están máis estreitamente relacionados cos seres humanos que non cos gorilas, ¿que fixo posible que os humanos emerxesen e estableceran un abismo entre eles e o resto de animais?

Un dos eixes do libro é a aplicación á diferentes aspectos dos humanos como por exemplo á aprendizaxe ou aos anos de formación, da interacción entre xenos e experiencia, entre herdanza e ambiente, evitando, como é frecuente polarizar o debate. O autor da apoio ou fundamento científico a diferentes cuestións ou preguntas que a miúdo se formulan desde a filosofía.

**LA NATURALEZA
HUMANA**
MOSTERÍN, Jesús.
Madrid: Espasa Cal-
pe, 2006

A partir de 15 anos



Unha antropoloxía filosófica fundamentada nas máis recentes contribucións sobre evolución, xenoma e cerebro; potenciándose mutuamente, o libro ofrece sínteses científica e reflexión filosófica.

No capítulo sobre a mente, o cerebro e a conducta introduce diferentes perspectivas desde as cales se ten intentado explicar a mente.

Trátanse, tamén, temas como a linguaxe e a natureza humana, a cultura e a natureza, as diferenzas entre homes e mulleres, reprodución e euxenesia, morte e eutanasia. Pechando o libro, un capítulo sobre a conciencia moral e outro sobre a chispa de divindade nos humanos